



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### **PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO, REVISIÓNS PERIÓDICAS E REPARACIÓN DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE EDIFICIOS MUNICIPAIS E ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR.**

#### **1. OBXECTO DO CONTRATO.**

Será obxecto do contrato a prestación dos servizos de mantemento, conservación, revisións periódicas e reparación das instalacións eléctricas municipais, tanto no referente aos edificios de titularidade municipal como das instalacións de alumeado público, así como a instalación e mantemento de iluminacións festivas no municipio de Ordes, coas características e circunstancias que se recollen nos presentes pregos e nos de cláusulas administrativas.

Non se inclúen dentro do obxecto do contrato as instalacións cuxa xestión sexa levada a cabo por un terceiro (concesións), se ben neste caso o adxudicatario prestará o asesoramento necesario ao Concello de Ordes.

Anexo aos presentes pregos de prescricións técnicas achégase inventario detallado dos ditos bens e instalacións.

A prestación dos servizos, estenderase, xa que logo, tanto respecto dos edificios de titularidade municipal como do alumeado das rúas, prazas, camiños e vías públicas, como das novas instalacións eléctricas que poidan xurdir, e cuxa conservación, reparación e mantemento dependa do Concello.

A prestación deste servizo realizarase coas características e especificacións que se recollen no presente Prego.

##### **1.1. Instalacións eléctricas e de iluminación en interiores.**

Serán obxecto de conservación, mantemento e reparación as instalacións eléctricas de todos os edificios existentes no termo municipal cando corresponda ao Concello a dita conservación, reparación e mantemento. Nestes edificios realizarase:

- a) Grupos electróxeos. Revisaranse semestralmente os motores, sistemas de arranque, proteccións e partes mecánicas.
- b) Acometidas e cadros xerais: nos tres primeiros meses do contrato levarase a cabo a revisión dos cadros xerais, subcadros e as acometidas de cada centro, substituíndo os elementos deteriorados. Así mesmo, e con anterioridade ao remate do contrato levarase a cabo, cando menos, unha segunda revisión, e todo isto con independencia de que durante a vixencia do contrato se deban substituír, de ser o caso, calquera elemento deteriorado.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

- c) Instalacións de alumado e demais instalacións eléctricas: procederase á revisión periódica das mesmas, reparando e/ou substituíndo as lámpadas, portalámpadas e o resto de elementos deteriorados (enchufes, cableado, interruptores, etc)..

Estas reposicións realizaranse nun prazo máximo de dous días, a contar dende a comunicación efectuada polo Concello.

As substitucións levaranse a cabo por elementos de custe e calidade semellante ás substituídas, aínda que sempre con igual ou maior eficiencia enerxética, e que poidan adaptarse a cada punto de luz.

- d) Canalizacións: Realizarase a conservación e mantemento das canalizacións de distribución soterradas, aéreas e por fachadas, a partir da acometida da compañía subministradora.
- e) Cadros de mando: A súa revisión realizarase como mínimo dúas veces ao ano, así como de todos os aparellos e accesorios empregados no alumado público, tales como interruptores horarios, automáticos, fusibles, contactores, pechaduras coa verificación da estanquidade dos cadros. Será igualmente necesaria a revisión e limpeza das fotocélulas.
- f) Posta a terra: revisaranse as tensións e resistencias de posta a terra de todos os alumados, instalacións e soportes.
- g) Mantemento: preventivo, inspección continua, corrección de erros, asistencia a reparacións e servizos de garda.
- h) Xestión: estudo de consumos e de datos luminotécnicos.
- i) Elaboración dun calendario de actividades de mantemento a realizar: diario, semanal, trimestral, semestral e anual.
- j) Acompañamento e asesoramento ao persoal municipal nas relacións coa/s empresa/s distribuidora/s de enerxía eléctrica.
- k) Acompañamento e asesoramento ao persoal municipal nas relacións coa/s empresa/s concesionarias de servizos municipais.

#### 1.1. Instalacións eléctricas e de iluminación en exteriores.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

- a) Luminarias: Realizarase a conservación, reparación e mantemento dos puntos luminosos, e dos seus soportes.

A empresa adjudicataria procederá, así mesmo, á colocación das luminarias subministradas polo Concello nos casos de necesidades de cambios efectuados na iluminación por novas necesidades ou insuficiente iluminación (novos puntos de luz por vivendas novas, ...). Nestes casos procederá á substitución e/ou colocación de luminarias (novas ou reutilizadas) sendo da súa conta a instalación, o cableado e a posta en funcionamento (incluíndo, de ser o caso, as lámpadas e demais elementos necesarios), pero correndo a conta do Concello a subministración das luminarias.

Farase unha inspección de cada luminaria no momento da súa limpeza ou substitución da lámpada, comprendendo: montaxe, portalámpadas, cableado e conexións, vidros, rixidez luminaria e seguridade da luminaria cos axustes necesarios.

Será necesario manter en bo estado todas as ferraxes das luminarias para un correcto funcionamento, debendo realizarse, en caso necesario, os axustes necesarios. Así mesmo deberá poñer lubricante nas roscas dos ferraxes sempre que sexa preciso para accionar ou limpar as luminarias.

As pezas de vidro ou plástico de peche da luminaria serán substituídas no caso de estar deterioradas.

Os portalámpadas serán substituídos se as pezas condutoras se encontran deterioradas ou queimadas, ou se o illamento resulta insuficiente, tanto por causas mecánicas como por sobrequecemento.

- b) Lámpadas: A reposición das lámpadas realizarase naqueles puntos respecto dos cales sexan requiridos polo Concello ou como consecuencia das inspeccións rutineiras que ten obriga de realizar a empresa.

Esta reposición realizarase nun prazo máximo de dous días, a contar dende a comunicación efectuada polo Concello.

No caso de que as lámpadas sexan de vapor de mercurio serán substituídas por lámpadas de vapor de sodio. Nos demais casos serán repostas por lámpadas de custe semellante ás substituídas, aínda que sempre con igual ou maior eficiencia enerxética, e que poidan adaptarse a cada punto de luz.

- c) Canalizacións: Realizarase a conservación e mantemento das canalizacións de distribución soterradas, aéreas e por fachadas, a partir da acometida da compañía subministradora.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

- d) Cadros de mando: A súa revisión realizarase como mínimo dúas veces ao ano, así como de todos os aparellos e accesorios empregados no alumeadado público, tales como interruptores horarios, automáticos, fusibles, contactores, pechaduras coa verificación da estanquidade dos cadros. Será igualmente necesaria a revisión e limpeza das fotocélulas.
- e) Acendidos e apagados: Durante a revisión dos cadros de mando comprobaranse os acendidos e apagados totais ou parciais de cada un dos alumeadados, de acordo co horario determinado ou a intensidade luminosa.
- f) Posta a terra: revisaranse as tensións e resistencias de posta a terra de todos os alumeadados, instalacións e soportes.
- g) Reparación e aplomado de puntos de luz, orientación da luminaria á zona a alumear.
- h) Mantemento: preventivo, inspección continua, corrección de erros, asistencia a reparacións e servizos de garda.
- i) Xestión: estudo de consumos e de datos luminotécnicos; realización de mapa de alumeadado municipal, recomendacións para redución de zonas con contaminación luminosa e alumeadado excesivo.
- j) Elaboración dun calendario de actividades de mantemento a realizar: diario, semanal, trimestral, semestral e anual.
- k) Acompañamento e asesoramento ao persoal municipal nas relacións coa/s empresa/s distribuidora/s de enerxía eléctrica.

#### 1.2. Control de aforro enerxético:

Mediante a realización de:

- a) Control de lectura de contadores para comprobar a existencia de perdas na rede, realización de históricos.
- b) Control dos recibos segundo o consumo existente, realización de históricos.
- c) Estudo de idoneidade dos contratos de subministro vixentes.
- d) Control de acendidos e apagados, funcionamento de reloxos, células e interruptores.
- e) Control axuste do factor de potencia.

#### 1.2. Instalación e mantemento de iluminacións festivas..



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

Auxiliarase ao Concello en todos aqueles eventos de carácter festivo que se produzan nas instalacións municipais, asistindo, de ser necesario, aos enganches das instalacións das distintas actuacións que se realicen.

En todo caso procederá á subministración, instalación e desinstalación das arcadas para as festas patronais de Santa María e Nadal.

A estes efectos deberá propoñer ao Concello un mínimo de cinco posibles tipos de alumeado ornamental, entre os que o responsable do contrato elixirá o/s que estime máis convintes.

A instalación e desinstalación da dita iluminación realizarase cando o responsable do contrato o ordene, estimándose unha duración mínima de unha semana nas festas parroquiais de Santa María e dun mes no caso de Nadal.

## 2. ORGANIZACIÓN DA CONTRATA.

### 2.1. Persoal.

O/A contratista contará cos medios humanos e técnicos necesarios para poder realizar medicións, inspeccións e comprobacións das instalacións, sempre que o Concello o solicite.

Todo o persoal necesario para levar a cabo a prestación do servizo, será exclusivamente por conta do contratista.

O contratista estará obrigado ao nomeamento dun responsable da execución do contrato que será o único interlocutor co órgano de contratación, ou no seu caso, co responsable nomeado polo Concello.

### 2.2. Control dos traballos.

O contratista estará obrigado a levar un control das reparacións e avarías que se produzan en cada unha das instalacións eléctricas e de iluminación.

Asemade, estará obrigado a remitir mensualmente os partes de traballos realizados durante a vixencia do contrato.

Nos partes deberán especificarse: as lámpadas repostas e localización, as reparacións efectuadas e localización, os defectos ou anomalías observados nas instalacións; con explicación motivada, se fose o caso, dos retardos na execución dos traballos.

O Concello, no seu caso, nomeará a un responsable do contrato, que servirá de interlocutor co responsable da execución nomeado polo contratista.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

#### 2.3. Inventario.

A empresa contratista estará obrigada a realizar un inventario detallado de todas as instalacións eléctricas municipais sobre as que recaerán as obrigas de conservación, reparación e mantemento, no que se especifique:

- Características dos receptores obxecto do mantemento.
- Esquema unifilar dos cadros eléctricos obxecto de mantemento.
- Características dos grupos electrógenos.
- Clase de puntos instalados.
- Potencia de cada luminaria.
- Tipo de soporte.
- Número de puntos por quadro.
- Situación dos cadros de mando.
- Situación dos puntos sobre plano a escala.
- Situación das canalizacións subterráneas.
- Numeración dos puntos de luz.

#### 2.4. Mantemento das luminarias e control horario.

O contratista estará obrigado a manter nas debidas condicións de limpeza todas as luminarias.

O acendido e apagado das instalacións de alumeadado público realizarase de acordo coa luminosidade existente en cada momento.

O contratista levará un control da frecuencia das revisións e dos fallos en cada punto de luz, segundo os partes entregados, enviando mensualmente unha copia ao Concello. Estará obrigado a gravar en cada unha das lámpadas a data da reposición, co obxecto de comprobar a súa duración, e analizar a causa do fallo, cando este se produza reiteradamente.

#### 2.5. Reparacións, roturas e deterioro das instalacións.

O contratista está obrigado á localización e reparación de cantas avarías se poidan orixinar nas instalacións obxecto do contrato: lámpadas, cadros, luminarias, báculos, centros de mando, canalizacións eléctricas, etc...,

Ningunha instalación poderá permanecer fora de servizo máis de 24 horas.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

En todos os traballos que impliquen rotura ou reposición de pavimento, o contratista queda obrigado a sinalar correctamente a vía pública, sendo responsable dos danos e prexuízos que se poidan ocasionar por incumprimento das normas que resulten aplicables.

#### 2.6. Almacén de materiais.

O contratista está obrigado a ter nos seus almacéns un acopio de materiais e ferramentas suficientes para poder atender e reparar no prazo de tempo máis breve posible calquera avaría ou accidente que se poida producir. O reposto de material comprenderá lámpadas, reactancias, condensadores, etc, de características iguais aos instalados.

O acopio de material estará en relación coa importancia da instalación, podendo o responsable do contrato, ou no seu defecto, o órgano de contratación pedir en calquera momento a relación dos acopios existentes.

#### 2.7. Conservación do material.

O contratista deberá conservar en bo estado todo o material ao que se refire o presente prego, facendo as reparacións que sexan necesarias, calquera que sexa a súa causa.

Nos casos de forza maior, tamén estará obrigado a súa reparación, tendo dereito a indemnización por parte do Concello.

Todos os materiais repostos deberán ser iguais ou de análogas características aos orixinais, podéndose rexeitar por parte do Concello en caso contrario.

#### 2.8. Probas técnicas das instalacións.

Para o bo funcionamento das instalacións o contratista estará obrigado, polo menos unha vez ao ano, e en todo caso sempre que o requiran os servizos técnicos municipais, a realizar as probas de:

- Illamento, en todas as redes eléctricas, de acordo co disposto nos Regulamentos electrotécnicos aplicables.
- Tensión e frecuencia: en cada centro de mando, con todos os puntos conectados, medirase a tensión na acometida do centro e nos extremos dos ramais, non debendo sobrepasar o 3% do valor nominal.

#### 2.9. Reformas e novas instalacións eléctricas e de alumeado.

O/A contratista estará obrigado/a prestar o seu servizo respecto das novas instalacións eléctricas e de alumeado que dependan do Concello.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

Con anterioridade á prestación do servizo respecto desas novas instalacións, o contratista deberá realizar unha inspección da mesma, formulando por escrito as anomalías ou defectos observados na instalación, coa súa correspondente valoración económica.

O Concello terá a potestade de encomendar a súa corrección á empresa adxudicataria do servizo, ou a calquera outra empresa.

Unha vez corrixidas todas as anomalías, a instalación pasará a formar parte das que constitúen o obxecto deste contrato.

#### 2.10. Normas de aplicación.

Para o mantemento das instalacións terase en conta a normativa de aplicación en cada caso e, en particular:

- O Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.
- As ordenanzas e Regulamentos municipais de aplicación ao servizo.
- As normas UNE de calidade dos materiais.
- A normativa vixente sobre xestión de residuos.
- A normativa vixente en materia de seguridade e saúde no traballo.

### 3. PREZO.

O prezo máximo do contrato ascende a cantidade de 60.000,00 € anuais, IVE incluído, desglosado do seguinte xeito:

- Importe: 60.000,00 €
- IVE (21%): 12.600,00 €
- Importe total: 72.600,00 €





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### ANEXO

Edificios municipais obxecto do contrato:

- Ordes (Santa María):
  - Casa do Concello.
  - Baixos da Alameda (biblioteca, policía local, locais de ensaio, Mancomunidade, etc.).
  - Baixos da terceira idade, sitos na rúa Reconciliación números 7 e 9.
  - Casa da Cultura.
  - Escola de Música.
  - Museo do traxe.
  - Escolas Xeneral Mola.
  - Praza de abastos.
  - Colexio Castelao.
  - Colexio Campomaior.
  - Escola de Merelle.
  - Nave de servizos no polígono industrial de Merelle.
  - Protección civil.
  - Cemiterio-tanatorio de O Balado.
  - Pavillón Castelao I.
  - Pavillón Castelao II.
  - Pavillón Campomaior.
  - Cidade Deportiva de Vista Alegre.
  - Casa da Cruz Vermella.
  - Piscina municipal ao aire libre sita no Campo da Feira.
  - Punto limpo de O Balado.
  - Piscina municipal climatizada.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

- Antigo Centro Comarcal, sito nas Casillas..
- Ardemil:
  - Nave no Mesón.
  - Escola Mesón.
  - Colexio Mesón.
  - Pavillón Mesón.
  - 3 campos de fútbol.
  - Local social Baixa Ardemil.
- Barbeiros:
  - Escola.
  - Local social.
- Beán:
  - Escola.
  - Pista polideportiva.
  - Local social de Nouche.
  - Local social casa reitoral.
- Buscás:
  - Escola.
  - Local social.
- Leira:
  - Escola.
  - Local social.
  - Escola Beilía.
- Lesta:
  - Local social.
  - Pista polideportiva.
- Mercurín:
  - Escola.
  - Pista polideportiva.
- Parada:
  - Local Social.
  - Escola.
  - Pista polideportiva.
  - Estación da Pontraga.
- Pereira:
  - Local social.
  - Pista polideportiva.
- Poulo:



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

- Local social.
- Campo de fútbol.
- Pista polideportiva.
- Santa Cruz de Montaos:
  - Escola.
  - Campo de fútbol
  - Campo de entrenamiento.
  - Escola Guindiboo.
  - Local social de Fosado
- Vilamaior:
  - Campo de fútbol (2).
  - Campo da festa.
  - Pista polideportiva.

A maiores a asistencia técnica e consulta das instalacións municipais xestionadas indirectamente:

- Residencia da terceira idade.
- Karting.
- Escola infantil.
- EDAR, ETAP'S , bombeos e depuradoras.